

DARE2WOW

O mundo da industria téxtil está nun proceso de transformación do que foi no pasado ao que é hoxe - as novas tecnoloxías, a globalización e a ecoloxía son as tres forzas principais que inflúen neste proceso, coa conseguinte presión sobre os recursos, os mercados e a moda. Ao mesmo tempo, mellorar a calidade do sistema educativo é un dos obxectivos principais da estratexia europea 2020 para un crecemento intelixente, sostible e integrador (Consello de Europa 2010)

DARE2WOW reúne a 7 centros diversos de 6 países de Europa para apoiar o desenvolvemento, a transferencia e a implementación conxunta de prácticas innovadoras que poidan promover a cooperación, a aprendizaxe entre iguais e o intercambio de experiencias na área da produción e explotación téxtil.



CENTROS ASOCIADOS:

Centro de Educación e Promoción de Adultos EPA de Ourense (España)

Instituto professionale statale per i servizi aziendali, turistici, grafici, sociali e alberghieri L. Cossa (Italia)

Bulgara Centre for Development (Bulgaria)

AETOI THESSALONIKIS (Grecia)

SISU Consulting Ltd. (Reino Unido)

IPSIA Luigi Cremona Pavia (Italia)

Biedriba "Islices sieviesu klubs "Ritausma" (Letonia)

Este proxecto foi financiado co apoio da Comisión Europea. Esta publicación reflicte a opinión só dos seus autores, e a Comisión non se fai responsable do uso que poida facerse da información contida na mesma.

Proxecto No: 2015-1-ES01-KA204-015869

Cooperación para a innovación e o intercambio de boas prácticas
Asociación estratéxica no ámbito da educación de adultos

PATRIMONIO TÉXTIL: Dos Antigos Teares á Arte Dixital



OBXECTIVOS DO PROXECTO

Existen moitos métodos para mellorar as habilidades manuais na educación de adultos. O proxecto DARE2WOW ten como obxectivo ofrecer un proceso de aprendizaxe flexibel- que use o innovador acceso ás novas tecnoloxías e oportunidades de aprendizaxe entre iguais na área da produción e explotación téxtil dentro da conexión de dous aspectos: o traballo manual e a capacidade dixital. Ao mesmo tempo é para o noso alumnado un proceso de autodescubrimento.



OBXECTIVOS DO PROXECTO

Curriculum para a Educación de Adultos en Produción e Explotación Téxtil

Levarase a cabo un estudo e recollida de datos sobre tres temas principais:

- Industrialización.
- Globalización.
- Ecoloxía.

Crearanse cuestionarios de coñecementos previos e levaranse a cabo entrevistas a persoas relevantes dentro do sector.

Creación dun manual cos datos recabados.

Creación dun glosario.

Plataforma

Interactiva do Proxecto

Xunto coa páxina web do proxecto, crearase unha plataforma con xogos cooperativos e actividades amenas sobre o patrimonio téxtil, a explotación e a ecoloxía, de maneira asequible e seguindo unha metodoloxía de descuberta guiada- exercicios que paso a paso transmiten coñecementos prácticos ao alumnado.

www.DARE2WOW.ME

